

LITERATURA GALLEGA

CARTA Á BASTIAN D'A PALLAREGA, EN BOSTON (ESTADOS-UNIDOS)

Subdialecto de la costa de la provincia de Lugo

ENTRE VICEDO Y BURELA

Viveiro 30 de Mayo 1881.

Non podes imaxinar, querido Bastian, a gran dia d' o pracer con que lin a carta tua, despóis de tanto tempo com' hay quē saliches d' este porto. Eu cuidei que xá morrerás, non habendo tido letras, nin siquera notizas d' o teu paradeiro. Tí díx que fai vint' e nove anos que vives en Boston e que se che esquencéu cuase de todo falar galego, por non ter con quien parolar n' a lingua d' o noso berce; que t' atopou n' a Rue N... u outro dia un rapaz de Rio-barba, que che recomendaban de Cuba, y-entonzas déuch' ánsea po-la terra e gañas d'ourirle falar galego, d' o que non te farta bas, anque che safan os ollos as lágoas de tenrura. Por eso me pedes quizaves n' o noso dialecto non somente notizas d' os téus parentes que for vivos, se non tamen que che conte, segundo saiba, o que mellor me pareza s' orixen, costumes y-adiantamentos d' a Vila e portos veciños; que, cando pequeno, de tás couzas non te coidaches.

Pra darche resposta neta, fora mester vir describindo o país dendas Mondafredo, ond' está o bispo d' a diócesi, hast' a Vila, de tanta sona como fói po-los séus lenzos, que tifan en Madrid grand' estimanza. Agora falaréi d' a costa dendas Bares a Burela. Viveiro, meu Bastian, está s' unhas penas o pé d' o monte Chamorro y-a caron d' a ría, chamada n' outro tempo Arrotreva, feita po-l-o riu Landrove, que ten o seu orixen n' a serra d' o Xistral. Tamen se chamou Viveiro o río, que rega tod' o val e lle fai dar mainzo, centeo, trigo, fabas, nabos, patacas y-albores de toda crás de frutas, peras, mazás, castañas, noces, cereixas, pexégos, limós, naranxas, etc. Tamen daba muito viño froxo, pro sano; más non quedou casque pinta de proba (vistedo), que tod' o papou xa fai anos a' infirmidá d' a farinha-oidium.

O porto, capaz de muitos barcos, contén sobra d' área d' as arriadas. Travesan o río algunas pontes, entr' as que son notabes a vella d' a Misericordia y-a nova de Landrove. Contan que Viveiro é vila muy antiga,—verdá qu' inda se lle ven troxe sínax d' o tempo d' a dominación romana,—e que foi levada pr' o sito que ten agora po-l-o rey D. Pelayo, quen lle concedeu privilexos po-l-os servizios que lle fixeran os homes d' esta terra n' as guerras contr' os mouros. Sexa conto ou non, o certo é c' as náus chegaban o Burgo Landrove, y-hoxe chegan ainda lanchas e botes hast' a ponte de Portochao. Dis c' a vila fói n' o sito que se chama San Pedro, cuya igrexa foi refeita alá n' o seculo dez ou once por unhos monxes d' a régola de San Bento, que coidaban d' as almas d' a comarca.

O destrito municipal ten unhos 11.500 habitantes; divisos n' as parroquias de Balcarria, Boymente, Chavín, Celeiro, c' o anexo de Faro; Cobas, Galdo, San Pedro, c' o seu anexo Landrove; Mazarros, Santiago, Santa Mariña, estas díaz n' a Vila.

A caron de Cobas está Suegos, xá d' o destrito de Riobarba. Eu teño pra min que Suegos garda seu nómen primeiro d' os suevos, c' alí—Insua lle chamamos—s' aguantaron, cando foron botados fora d' a terra seus compaixeiros. O Noroeste de Suegos a pouco treito se ergue a insua Coelcira, ond' alumía de noite un bon faro. Contan que n' ela houbo un convento de frades temporarios qu' en barcas de coiro viñan a dir misa n' a capela que serviu despois pra igrexa d' os frades de San Francisco, hoxe parroquial de Santiago, dendas que se derrubou—ano 1840—a da praza d' o mercado—praza da Constitución—segundo teño depresso. A man zurda, intrando pol-a ria, o burgo de Celeiro parece que debería chamarse vila po-l-o que medrou. Aquí s' emprega muita xente n' os trañños e salga de sardinha n' os píos de más de doce frábicas, que a poñen en cascos ou barrís y-embarcan xuntamente con barricas ou pipas d' o sañu extruxado d' o peixe pra Levante y-outros puntos. Tamen se pescou forza de langosta dendas Xaneiro hast' hoxe, po-l-a que veñen barcos-viveiros franceses, que pagan a peseta, peza viva, habendo deixado máis de 13.000 pesos; e ben deitaron d' esto os probeos mariñeiros pra sair d' as poutas d' a fame po-l-a carestía d' as colleitas, que fallaron o ano que finou. Bóa foi tamen a axuda d' os trañños, d' a carreteira de Santa Marta d' Ortigueira, e d' os xornás que deron unhos mineiros pra sacar vena de ferro preto d' a vila, e ver s' era de bóa calidá; póis esto fixo que tivera con que mercar a xente probe grá d' a que vén d' os Estados Unidos americanos en gran cantida.

A vila, cabecera d' o xulgado,—d' ascenso,—ten comendanza de marina, aduana y administracion de rendas estancoadas, telegráfico, posto de gardas civis, gardas municipales, carabineiros de mar e terra, un convento de monxes franciscas y-outro de dominicas—este n'-o burgo de Xunqueira.—A requexa-millarada pr' as pagas é de 1.700.000 réis por fincas e gado; as pagas soben á 25 por cen y-ainda só a colonia d' o pouco que queda o labrador, canlle cargas qu' o breán e deixan sen ter con que mercar roupa pr' os fillos, agás que valla bén o gado. Carné [man] pocadol muitos non a proban catro veces n' o ano; fora d' o leite d' a vaquia, non teñen outro compango. Os que viven preto d' o mar ganan algo e levan peixe—ciyanxe lle chaman—d' o que pescan n' as redeis, indo n' as compañias por contrata c' os donos d' as frábicas. As mulleres coidan d' as casas e gado; os nenos van o lendeiro; as nenas o mesmo tempo van fiando n' a roca, cerro ou visto d' o liño d' a colleita; manteñen un ou dous cochos, segundo poidan, un pra feira y-outro pra casa; fan manteiga e queixos; xuntan hoxos d' as galifas e viñhenlos vender o día d' o mercado; outras tran lenha, seixes de toxos, palla, molimes pr' estrar cortellos e facer cuitio—esterco,—e c' o diñeiro que sacan mercan n' as tendas o que más lles fai falla.

Muitos rapaces fuxen a traballar pr' América y-aforrar d' o que ganen pr' axuda de seus pais, pra debidas e pra ter facenda de seu. A Vila vay chéa de tendas e tabernas; feiras, a de Galdo, Naseiro y-a nova d' a vila, ond' estevo o convento de Santo Domingo; xántase n' elas toda clás de gado grande e meudo, bóis, vacas, ovelas, carneiros, castrós, cabuxos, asnos, porcos, bácaros, bestas; pro poseo proveito lle fai a d' a vila o pontazgo de Landrove, que fose mellor tinto, perdoando a-sprisión, podendo gravarse outras cousas pra deixar paso libr' as bestas e carros, sen morder os traxinantes, d' os que muitos por eso non veñen y-os que ó fan, venden o xénero más caro d' o que deberan.

En cant' as costumes en xeral, son bóas; pró mellor parescece a xente probe se fose mellor salada e perdesce o vizo de non gardar respecto a naide, nin sequera a propiedá. Quer de dísa, quer de noite semellan os nenos enxámes d' abellas pol-las calles, botando pol-a boca peinetas, allos, ofios, demos, rayos e centelas; que fai falla tapar as orellas pra non os ouir. Non hay horta de fruta segura, nin can nin gato que non se vexan expostos a que lles enderguen unha pedrada. Algunhas náis o mencer ceiban os fillos pra traguer leña, garabullos ou garamallos d' os montes, e faier o lume pr' o almorzo e xanta. Sen vergonza de ninguen entran n' os pinares e fincas alléas, raxan e cortan, estragando os prantios y-avezandose muito' a-raspieiros e gandulos en vez d' asester a-escola pra deprender a ser homes de ben. Ainda non empezan a ter cor os orizos d' os castiñeiro, náis e fillos dan conta d' elos a páus; os donos teñen que correr a escudilos antes d' a sazon, si han de probar o fruto; sinón non olen unha castaña. A escudidura é bárbara, póis mazan as ramas con varáis longos, y-é o que chaman baraxar. ¡Canto máis o dreito fose deixalas caer de séui pro fose mestor que houbera respecto a propiedá. A xusticia deberá preseguir sin trégola tíes desmás, e ver d' empecer a tiradura das pedras e cubertas d' os pretís d' as pontes n' o riu, e toda clás de malfeitos.

A mocedá sempr' está disposta pra romarfás e festas; ponse galana pra pintala n' as danzas que s' arman n' os ádros e soutos cerco d' o santuario o son da música de corda, de vento, d' a gaita de fol. Ninguen que se decate d' o contento, ledicia, bullia, rebrincos y-algazaras n' as merendas, sin que haxa que chorar por mortes, luitas nin cousa mala, anque se poñan fartos de comer e beber, deixardé falar ben d' o pais. As principaes romarfás son as de San Roque n' o cerro de seu nome, cerco d' a vila; de San Pantaleon en Galdo, y-a de San Xoan agor' a en Cobas. Viras n' elas, ali a Dafnes, Tyrso e Coridons, dextros en cantar, gozando d' a lentura debaixo d' a cachopa d' un castiñeiro de frondosas ramas, deitados s' o téromo e verde mosgo, recrebando con termos melosos as zagás, guapas com' estrelas e fachendosas; alá dirimindo Palemon as queixas entr' os Damitas e Menalcas; acolá rendendo culto a Baco dúas ou tres familias ledas en mesa redonda; bríndis, copras, danzas, muífeiras compasadas con castañolas, pandeiros e ferrefías, axudadas de cántegas e atróan os vales, dan cabo a festa; dixeras enton que non hay n' o mundo terra más leda nin más pacífica. Agóra diréi con Molina:

Falar de Galicia e do qu' a subrima,
Alí n' outras partes por bulra se toma.
Non fale d' o Papa quen non for' a Roma.

.....
Por eso, Galicia a farta y-a chéa,
Aquellos que falan de tí por detrás
Deberán palparte, cal Santo Tomás,
Pra que eles xulgasen s' eres guapa ou fea.

Non habend' en que s' empregar os mozos, póis a cultura d' os lugares é curta y-é mester pouca xente pr' os labrar, teñen que sair, como levo dito, pr' outros puntos, principalmente pr' América, c' aquel de gañar á vida. Si se colonizas' a Pínsula, os xóves galegos poídesen, sen comprometer n' os crímas quentes a saúde, probar os tarréos sobrados de Castilla, d' Extremadura, d' Andalucía, con proveito seu e d' a nación enteira, segundo diz o Popular.

A xente que pode, pon n' os estudos un fillo pra crego; po-la misericordia de Deus saíron e saen ferros perdicadores e bós curas. Tamen déu e dá o país leterados, médicos e boticarios. Eu ben m' acuerdo de D. Nicomedes Pastor Díaz, menistro d' a coróna, poeta y-embaixador; de D. José Castro Bolaño, conselleiro provincial y-excelente xurisconsulto; D. Vicente Manuel Cocifa, escritor púbrico; D. Xoán Villapol, que falaba latin, francés, italiano, portugués, inglés, alemán e ruso. Outros houbo notábeis, non tiveron ocasión pra darse a conecer. D' os vivos non falo, que xá o farán outros despois de finados aqueles.

Segundo se vai pra montaña paresce máis disposta tod' a xente. ¡Canto poídesse adiantar s' houbera modo d' obrigal' a aseter as escolas! N' a vila hay una de nenos y-outra de nenas compertas; tamen as hay de nenos en Chavín e Cobas; d' ambos sexos en Galdo, y unha d' ambos sexos incompreta n' a parroquia de Celeiro. Castan o municipio vinte e tantos mil rías os seis mestres, ou mellor dito os oito, porque son dous andantes máis pr' as escolas d' a vila; y-ainda hay quen chore por esto, e non chore polo que comen outros empregados que teñen dobre, tripre pré que dous, tres ou catro mestres xuntos, pra donadeño canto teñen que facer, casque nada, season emborrado paper, segundo dicía pouco tempo hay un labrego; pró non lle din creto.

Fora d' a xardina salgada pouco pode sair d' aquí embarcadio; pró pouco é mester que vella po-l-o mar, non fallando colleitas; por eso bastou sempre un administrador pr' as rendas estancoadas e d' aduanas; pro seica fai falla máis d' un, cand' o puxeron; eu n' entendo gráu d' estos verxeles, senón que custa traballo gañar pr' as pagas.

N' o distrito de Riobarba, vías de Santa Marta, segundo po-l-a costa, topamos c' o Vicedo, onde dis que se quixo facer o arsenal de Ferrol; seguélle Bares—xa d' a provincia d' a Crufia,—chamado po-l-os romanos Florius y-Vila, Barum, onde tamen hay frácticas de salga. Preto d' o Vicedo n' a montaña vese San Pio de Riobarba, cabeza d' o distrito; n' esta parroquia e n' as más muita leña de toxo se cría, d' a que poídesen facer cartos bós, s' houbera modo de levala a Crufia, qu' a paga muito ben. A xente diz que foi sempre forte, traballadora, facendeira. O comend' o seculo houb' un home, Xan d' Izá, que s' adiantou os liberáes d' ano vinte; posto diante d' os montañeses baixou a Viveiro (era de Cabanas, que pertecía entón a xurisdicion d' a Vila), botou fora d' o consistorio os concessións agás o secretario, despóis, saíndo pr' a solana, perguntou, dirixindos' a xente: «Que queredes?—Fora o dízmo d' a palla.—Xan d' Izá, volto o bico o secretario, mandoulle que puxese por escrito fora o dízmo d' a palla.—¿Que máis?—Fora o dízmo d' as fabas e d' as patanas.—Feito.—A sal po-l-a baixa.—Xusto. Entónzase foron os arfolis e fixeron vender a sal po-l-a baixa. Comeron e beberon a seu gusto, pró non fixeron mal a ningunha; logo vén tropa, Izá foi pra cárcer, venderonlle bés pr' as costas d' o porceso, y a parroquia de Cabanas tevo que manter os soldados por castigo mucho tempo.

Riobarba tamen ten escolas abundas pra deprehender as primeiras letras. Dende Celeiro vías de San Ciprián hast' a Burela, non hay cousa que non sexa vella, agás o faro y-a fráctica de potes e

louza de Sargadelos, que déu muitos xornáis, pró parou de traballar. Esquencéume que n' a punta d' a Estaca de Bares hay un bon faro tamen, e que n' os destritos de Cervo e Xobe s' estableceron escolas de nenos e nenas.

Vai saíndo longa demais esta carta; por esto vóu acabala, dicendoche que, cando rapaces, con pouco dísteiro se mantía unha casa; o pan, que custaba catro cartos, mércas' hoxe por oito; a dñeira d' ovos, que custaba seis, agora deixá vinte; libra de carne d' a que dan n' a obriga, que non sobfa de seis cartos, non s' ole menos de dous rás. As cousas de comer e beber estan po-l-as nubes; o viño, que ven todo d' afora, non se cata senón a trece cartos ó neto, cando se bebfá a seis ante de vir a malicia que gafou as parras. Logo ven o vestir, porque se gastan hoxe puchas e sombreiros en vez de monteiras; zapatos e botas en vez de zocos ou galorchas; pantalós e gabás en vez de sayos e zaragolas; asina de todas as cousas.

Con respeito d' a túa familia, xa che dirán os parentes canto víster' o caso quizaves n' este correo.

Adios, meu amiguillo, hastr' a túa, que desevo.—*Fuco d' a Ca-bandela.*—Es copia.

JUSTO PICO DE COAÑA.